

## Actividades ano 2002:

Este ano 2002, vai comezar animado, pola marcha da Directiva presidida por Alberto Maceira (que remata o seu mandato), e a chegada da presidenta M<sup>a</sup> Soledad Mejuto González. Vai ser polo tanto ano de cambios, no que aparecen dúas novas asociacións no ámbito lúdico e cultural, continúa, e incluso refórzase a faceta formativa, nótase a impronta cultural do anterior presidente, ademais de volver ocupar un lugar moi importante as excursións.

Constitúe un interesante documento do estado de cousas, a acta da Asemblea Xeral Ordinaria do día 1 de febreiro do ano 2002, o secretario, Juan J. Salgueiro Penoucos, que actúa como secretario accidental, (por dimisión da anterior Secretaria) da Asociación, dínos varias cousas importantes, ou cando menos significativas.

En primeiro lugar, chama a atención unha apreciación deste eficaz secretario, e é que nos di que a esta asemblea asisten 40 persoas das que só 29 son socios e socias, veremos o significado desta estraña afluencia de presentes, que pode sorprender a quen non repare que aínda que as asembleas que se celebran son as da Asociación Vista Alegre, ao ser esta quen xestiona o Centro Cultural, e ser celebradas no edificio, coa súa condición de local público e aberto a toda a poboación, é por iso polo que pode asistir calquera persoa que queira. A todo isto, hai que engadir que o día das asembleas, se aproveita para facer a festa social, polo que vén sendo xa costume, que os/as socios/as traian veciños, amigos, etc que os acompañen nun día tan especial.

Nesta xuntanza asemblearia, o presidente expón, como sempre, as actividades que se realizaron no Centro durante o ano 2001 e os logros que se conseguiron durante o seu mandato. De todo isto di que queda constancia nas oficinas do Centro un dossier completo con información de actividades, colaboracións, biblioteca, estado de contas, etc.

Con respecto ao estado de contas, queda un saldo favorable para a Asociación de 163.124 Ptas, pero o presidente Maceira, non quere marchar sen deixar ben atado algo polo que se preocupou moito, e ao que lle dedicou traballo arreo, polo que propón que se aprobe, polos socios asistentes, deixar unha partida económica de 100.000 Ptas. para a edición da Revista “Fomento de la Instrucción”, o que obtén o respaldo da Asemblea.

É nesa Asemblea do 1 de febreiro, na que o presidente, despois de explicar que estivera aberto o prazo para a presentación de candidaturas á presidencia da Asociación Vista Alegre, di que só foi presentado un sobre. Procédese a apertura de dito sobre e o nome que figura nel é o de M<sup>a</sup> Soldería Mejuto González, e cando todo parece indicar que o proceso de elección vai ser doado, fai uso da palabra unha socia presente no acto, e expón que non ten nada persoal contra a candidata pero que de todos é sabido que existen discrepancias entre os dous Grupos folclóricos da vila e non considera

oportuno que a candidata sexa a presidenta debido á súa vinculación co grupo Xirandola, e que debería procederse a unha votación, ao que lle respondeu o presidente que habendo unha soa candidatura non é necesario que se proceda a votar xa que os estatutos así o expresan. A mesma asociada, segue mantendo que a Xunta Directiva debería estar formada por un membro de cada asociación existente en Bandeira, ao que o presidente contesta que o presidente ou presidenta é o que ten que buscar e nomear a súa Xunta Directiva. Despois desta puntualización é nomeada xa a nova presidenta, Dna. M<sup>a</sup> Soledad Mejuto González, que o 5 de febreiro, nomea á que vai ser a súa Xunta Directiva, cos seguintes membros:

Presidenta: *M<sup>a</sup> Soledad Mejuto González.*

Vicepresidenta: *Pilar López Lodeiro.*

Secretario: *Antonio Castro Granja.*

Tesoureira: *M<sup>a</sup> Jesús Penela Mato.*

1<sup>a</sup> vogal: *M<sup>a</sup> Luisa Conde Costa.*

2<sup>o</sup> vogal: *Venancio Pérez Ferreira.*

3<sup>o</sup> vogal: *Alfredo López Mosquera.*

#### **Actividades:**

O día 2 de febreiro, organizado por Vista Alegre e Os Ultreias, levouse a cabo un taller de disfraces para os nenos/as. Usáronse materiais reciclables e confeccionáronse disfraces moi vistosos. En relación con esta actividade, o día 11 de febreiro como xa é habitual nesta Asociación celebrouse o luns de Entroido para os rapaces de toda a comarca. Comezouse ás 5 da tarde con xogos para os nenos/as, e contamos coa actuación dos Paiaos “Listín e Tontín” e para rematares ofrecéuselles unha merenda aos/ás asistentes. Asistiron arredor de 95 rapaces.

Entre os días 4 e 8 de marzo do ano 2002, e contando coa participación de amas de casa e algún restaurador profesional, tivo lugar unha Semana Gastronómica (*ver foto 28*) á que acudiron un gran número de persoas. Ao remate de cada sesión degustouse o menú entre os asistentes, e ó remate da semana celebrouse unha gran festa.

Tamén nesta altura de ano, tivo lugar un dos fitos máis importantes na vida cultural, non só da asociación, senón tamén da historia de Bandeira. Foi a presentación do libro **“Fomento de la instrucción gallega”**. (*ver foto 29*) Deste xeito, o 15 de marzo ás 8 da tarde, deu comezo a presentación deste libro editado coa colaboración da asociación e escrito por Xosé Manuel Malheiro, autor tamén doutro editado anteriormente. Trátase neste caso, da recompilación da revista Fomento de la Ilustración Gallega, así como da publicación de diversos artigos do autor. Asistiron á presentación, ademais do autor, persoeiros da vida literaria tales como D. Xosé Neira Vilas.

Dentro do ámbito literario, tamén se reforza a súa presenza coa presentación do libro “*O Laranxo*”. (ver foto 30) Tivo lugar o sábado 15 de xuño, e coa presenza da viúva de Ramón de Valenzuela, presentouse nesta localidade o libro reeditado pola asociación O Naranxo de Lalín. A este acto, ademais da familia do autor, acudiron un gran número de persoas, o que marca unha vez máis a proximidade e identificación das nosas xentes, con este autor contemporáneo, que soubo reflectir en grande parte da súa obra escrita, a idiosincrasia e sociedade da súa época.

O 17 de maio, celebrouse como vén sendo habitual o Día das Letras Galegas, no que se organizou unha lectura de contos seleccionados no 1º Concurso de contos en galego do CEIP de Bandeira, e logo os nenos e nenas, gozaron con xogos infantís tradicionais. O día anterior tamén tivo lugar a actuación de “*O músico Ilustre e o Señor Ilustre*”, obra interpretada polo profesor de Teatro. Esta actividade foi organizada coa colaboración da Asociación Os Ultreias.

Tamén van tomando forza as excursións, concretamente a realizada ao Baixo Miño, que tivo lugar o día 7 de abril. Visitáronse lugares como: Tui, Monte Aloia, Fortaleza de Goián, O Rosal, Sta María de Oia, Vires da Roca, Baiona, etc. Asistiron a esta actividade 78 persoas, o que marca un fito importante na serie de viaxes organizados ata o de agora pola Asociación.

Outra excursión de gran éxito, foi a realizada aos Canóns do Sil, executada o 16 de xuño, e por medio da que 55 persoas emprenderon unha viaxe na que ademais de viaxar en autobús tamén o fixeron en barco (primeira vez que se utiliza un medio de transporte fluvial). Esta viaxe realizouse polos mares interiores de Galicia. Visitáronse mosteiros, e fixeron a Ruta dos Miradores, Ruta dos Castelos, etc.

### **Semana Cultural:**

Dende o 3 ata o 8 de Xuño celebrouse a Semana Cultural que xa é habitual nesta Asociación. Nesta semana houbo as seguintes actividades:

*Conferencias.*

*Táboa de Aerobic.*

*Demostración de arte floral.*

*Proxeccións de Cine.*

*Teatro.*

*Taller de Globoflexia.*

*Actuación de:*

· *Grupo Xirandola.*

· *Banda de Música de Bandeira.*

· *Grupo Fortín da Pomba.*

*Exposicións:*

· *Pintura.*

· *Encaixe de bolillos.*

· *Vainicas.*

· *Tapizados.*

No apartado de Formación, segue manténdose o excelente nivel en canto á orixinalidade e diversidade da oferta. Así tivo lugar neste ano, dende o Curso de Manualidades, que comezara no ano 2001, e rematou a mediados do ano 2002. ata un Curso de Teatro, que ao igual que o curso anterior, este tamén rematou a mediados do ano 2002, un Curso de Vainicas, que se realizou nos meses de marzo, abril e maio e que contou cunha participación de 15 persoas.

Xa no ámbito físico – deportivo, segue tendo gran aceptación o Curso de Aeróbic, xa que é este un dos cursos que permanece hai varios anos, comeza no mes de outubro e remata no mes de xuño, habendo unhas pequenas vacacións polo Nadal. Os días de clase foron os luns e os xoves de 20.30 a 21.30h. Nesta altura, asistían xa ás clases 25 persoas e vanse incorporando novos alumnos/as durante o ano.

Importante tamén para o mantemento da boa forma física foron os cursos de Tai Chi, que igual que o anterior, este é un novo curso que comezou no Centro. Iniciouse no mes de outubro e rematou no ano seguinte. Inscibíronse 20 persoas. Moi boa aceptación tivo tamén o Curso de Ximnasia Terapeutica, que se comezou neste ano e tamén pasou ao seguinte, e chegou a ter matriculadas a 17 persoas. Os días de clase foron os mércores de 20.30 a 21.45h.

Houbo importantes novidades dentro deste sector da formación, así o Curso de Tiffanis (Lámpadas de Cristal), implementou os anteriores de traballo sobre vidro. Unha actividade verdadeiramente interesante e que contou con nada menos que 14 alumnos/as. Comezou no mes de outubro e rematou no ano 2003.

De grande relevo, foi tamén o Curso de Informática, que tivo unha duración de dous meses, iniciouse este curso en outubro e rematou a principios de decembro, asistíron 15 alumnos e alumnas. Os días de clase foron os martes e xoves de 20.30 a 22h. Os asistentes dispuxeron dun ordenador por persoa.

Grande interese suscitou tamén o Curso de Tapizado, cunha matrícula de 20 alumnos/as, comezou o 18 de marzo e rematou o 25 do mesmo mes. Malia ser tamén a primeira vez que se facía, tivo moito éxito de participación.

O Curso de Pintura, tamén seguiu funcionando, a pesares de varios anos de existencia neste Centro. Este ano, os días de clase foron os martes e o horario é de 20 a

22 h, con aproximadamente 10 persoas matriculadas. No sector de “manualidades”, tamén seguiu o Curso de Encaixe de Bolillos, esta actividade xa se viña facendo no ano anterior e rematou no mes de maio de 2002, coa asistencia de 5 alumnas.

Continuou tamén o Curso de Gaita, no que os/as afeccionados/as á gaita, teñen a oportunidade de aprender e perfeccionar os seus coñecementos todos os luns do ano dende as 20.30 ata as 22 h. da noite, cunha asistencia de 8 alumnos ás clases.

Dentro da oferta máis profesional, o Curso de Administrativo de Persoal, pertencente ao Plan FIP, púidose impartir subvencionado pola Consellería de Familia, comezou no mes de marzo e rematou no mes de outubro cunha duración de 770 horas e 15 alumnas matriculadas. Tamén foi aberta a inscrición para cursos, que por falta de matrícula, non puideron levarse a cabo, e foron o de Cestería e de Tae-Kwondo, así pois, a fantástica oferta formativa – tal e como deixamos dito anteriormente – pode servir de orgullo aos organizadores, xa que non é fácil atopar todas estas oportunidades, dependentes dun só centro pertencente a unha asociación sen ánimo de lucro.

E coa chegada do final do ano, houbo que organizar, como cada ano, o Nadal, e así aproveitando estas datas nas que os máis pequenos da casa están de vacacións tivo lugar por todo o alto o Nadal do Centro Cultural, coa realización das seguintes actividades coa colaboración da Banda Xuvenil da Bandeira.

*Proxeccións de cine para maiores.*

*Proxeccións de cine para nenos.*

*Actuacións musicais da Banda Xuvenil.*

Tamén foi moi emotiva unha vez máis, o feito de que o 24 de decembro pola noite, os pais dos rapaces invitan a Papá Noel a visitar aos seus fillos/as para entregarlles os agasallos nos seus propios domicilios, polo que esta Asociación participa neste acto proporcionando o personaxe de Papá Noel.

Tamén destacou, o feito de que coa colaboración dos nenos e outras persoas da localidade, polas datas de Nadal, se expón un Belén, cada ano máis elaborado, realizado pola nosa xente, e con figuras decoradas por eles e outros adornos tamén feitos por nenos e maiores. E todo rematou coa Festa de Papá Noel, pois dende os inicios desta Asociación, o 25 de Nadal foi celebrado por todo o grande, sobre todo para os máis pequenos. Este día Papá Noel fai un percorrido polas rúas, da vila repartindo caramelos para todos e todas, logo máis tarde, no Centro Cultural, recibe aos rapaces e entrégalles un agasallo. Ademais, sempre hai unha actuación de animación para os nenos e nanas. Para rematares ofrecéuselles unha merenda ao cento de rapaces e rapazas asistentes.

Outros logros deste ano, tamén interesantes, foron a adquisición dun equipo de vídeo D.V.D. Para as proxeccións de cine, a adquisición dun canón proxector para vídeo, D.V.D. e ordenador, con pantalla xigante, a adquisición dun termo eléctrico, por avaria do existente, e un ordenador con impresora e conexión a Internet para uso do público, que se instalou na Biblioteca. Para isto contouse coa colaboración do Concello e Ofiendas, o acondicionamento con cortinas dalgunha sala que carecía delas, o pintado de escaleiras, bar e outras salas do edificio e un bo logro de xestión foi conseguir que o Concello se fixese cargo dos gastos de limpeza do edificio.

Dentro dos proxectos da Directiva, ocupan un lugar importante cara ó ano que vén, a ampliación das bombonas da calefacción, así como a instalación de radiadores nas salas que non teñen, seguir coa programación de actividades, excursións, Semana Cultural, etc, ampliación da Biblioteca, o pintado das portas e ventás e paredes exteriores do edificio.

Unha parte importante do éxito da Asociación Vista Alegre, radica na colaboración que permanentemente vén ofrecendo a outras entidades, de xeito que se crean unhas sinerxias entre todo o tecido asociativo e cultural, que permiten a realización de moitísimos proxectos, así neste ano destaca a colaboración da Asociación ANDABA (Antroido da Bandeira). Esta é a Asociación máis nova creada na vila, e como tal tamén ten aquí a súa sede. O vestiario que se utiliza nas festas do Entroido, tales como son: os traxes de xenerais, os gorros, etc. están depositados neste Centro, e as reunións para a organización destes actos tamén se fan no noso egrexio edificio. A Xunta Directiva deste Centro leva colaborando directamente varios anos na organización.

Outra asociación creada neste ano foi a Santa Ferreña, que ten aquí a súa sede social, e o igual que a anterior e outras moitas xa referidas anteriormente e que fan aquí as súas reunións, Asembleas e outro actos.

E finalmente, nun ano tan frutífero, hai que reseñar como feito especialmente destacable, que nada máis acabada de entrar esta directiva, o 19 de febreiro deste ano, vaise tomar en reunión desa Xunta, o acordo de aprobar unha ambiciosa normativa de réxime interno, as Normas de Funcionamento Interno que han rexer durante longo tempo, unha asociación, con xa moitísima actividade. Estas normas, foron amplamente pensadas e elaboradas, e constitúen unha peza básica de funcionamento na nosa asociación.